

VI CONCURSO DE MICRORRELATOS DÍA DO LIBRO. 23 ABRIL 2026



Dende o EDLG do CPI As Mirandas e a Concellaría de Cultura do Concello de Ares lanzamos o VI Concurso de escritura creativa de Microrrelatos.

A través del podedes deixar voar a vosa imaxinación e trasladarnos a vosa creatividade.

O concurso consistirá en crear un microrrelato de tema libre en galego a partires dunha das seguintes frases propostas.

A frase que elixades será o comezo do microrrelato

FRASES

- Quero ser Morgana para...
- A mamá un día decidiu que non quería coser mais.
- O 12 de agosto o tempo parou durante dous minutos.
- Begoña tece o seu desexo de Liberdade.
- Aquel roto no meu pantalón favorito era extraño.

• BASES

- O microrrelato terá a extensión limitada a 200 palabras. Deberá levar obrigatoriamente un título.
- O límite de envío do número de microrrelatos por participante será de dous, sempre e cando se cumpran os criterios establecidos nas bases.
- O/a participante fará constar no mesmo o seu nome e apelidos, idade e curso así como un teléfono e correo electrónico de contacto.
- Poderán participar mozos e mozas empadroadas en Ares e alumnado do CPI Mirandas.
- Os gañadores/as da pasada edición non poderán concursar a premio nesta convocatoria pero si participar.

• CATEGORÍAS

- Categoría A: alumnado de primaria (4º, 5º e 6º)
- Categoría B: alumnado de ESO

• FORMA DE PARTICIPACIÓN E PREMIOS:

- Envío por email aos correos: tesmoitalingua@gmail.com ou cultura@concellodeares.com
- Entrega no CPI As Mirandas ou na Biblioteca Municipal nos horarios habituais de apertura.
- Último día de entrega: 23 de abril (hora límite: 19:30 h)
- Haberá 1 gañador/a (premio: tablet ou ebook) e 1 finalista en cada categoría (lote del libros).
- O xurado estará composto por profesorado do CPI as Mirandas e por unha persoa proposta pola Concellaría de Cultura.
- O acto de entrega de premios celebrárase o mércores 29 de abril ás 18:30 h no salón de actos da Alianza Aresana